

CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS PARA DESARROLLO DE APLICACIÓNS WEB CON ASP / ASP.NET E SQL SERVER.

A *Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L.U.*, en adiante UNIXEST, fai a convocatoria para a contratación de dúas prazas para cubrir mediante contratación temporal as necesidades de personal informático, baixo ás seguintes condicións

BASES DA CONVOCATORIA

1. REQUISITOS DOS CANDIDATOS

- a) Ser español/a, nacional de calquera estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles Estados aos cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola UE, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
Nacionais de Estados distintos dos indicados anteriormente que se atopen en España en situación de legalidade e sexan titulares do documento que os habilite para traballar.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Estar en posesión do título de ciclo superior, dunha titulación universitaria oficial en Informática (Enxeñaría Superior, Enxeñaría Técnica, Grado ou Máster) ou titulacións universitarias afíns (Física, Matemáticas ou Telecomunicacións).
- e) Ter experiencia acreditada nas funcións a desenvolver.

2. FUNCIÓNS A DESENVOLVER

1. Desenvolvemento de aplicacións Web
 - a. Coñecementos de programación de páxinas web dinámicas (ASP, .NET, JSP)
 - b. Coñecementos de programación de páxinas web estáticas (HTML, CSS, Javascript)
 - c. Coñecementos de programación en XML, XSLT e XSL-FO
 - d. Deseño de bases de datos en Microsoft SQL Server
 - e. Programación en bases de datos Microsoft SQL Server (procedementos almacenados en Transact-SQL)
2. Mantemento de aplicacións web baseadas en Microsoft SQL Server
 - a. Resolución de incidencias técnicas
 - b. Elaboración de informes de explotación

3. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Quen desexe participar neste proceso de selección deberá presentar solicitude, segundo o modelo anexo a esta convocatoria, acompañada de NIF, curriculum vitae con fotocopia dos méritos alegados e a vida laboral, mediante correo certificado, dirixida a Unixest (Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela S.L.U Colexio de San Xerome-Praza do Obradoiro s/n. 15782 Santiago de Compostela).